

## **CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN PARA EXPOSITORES/AS**

### **ACTIVIDADE: VII EXPOFEIRA ECOLÓXICA, MULTISECTORIAL E DE RAZAS AUTÓCTONAS.**

**DATAS: sábado 2 e domingo 3 de abril de 2011**

#### **INFORMACIÓN XERAL:**

A Feira celébrase nun espazo de encontro activo e dinámico no que diversos expositores amosarán e venderán os seus produtos, ideas, proxectos, descubrimentos...

A VII edición desta feira que contará con actuacións musicais, obradoiros, entre moitas que se insiren dentro dunha ampla e variada proposta para esta fin de semana.

#### **PASOS A SEGUIR PARA A PARTICIPACIÓN NA FEIRA:**

- 1.- Solicitud de participación - ata o 8 de marzo de 2011.
- 2.- Confirmación por parte da organización – luns 10 de marzo.

#### **CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:**

A participación consistirá na posibilidade de expoñer e vender produtos ecolóxicos, biolóxicos, de artesanía, ou aqueloutros aceptados pola organización da feira.

Os horarios mínimos marcados pola Organización para a Feira serán os seguintes:

sábado 2 de abril; das 11.00 ás 21.00 h e domingo 3 de abril das 10:00 ás 21:00 horas. O/a expositor/a terá que respectar estes horarios, podendo a organización, en caso contrario, tomar accións contra o dito/a expositor/a.

O horario da montaxe dos stands marcado pola Organización é o seguinte: venres 1 de abril: das 19:00 ás 21:00 h, e sábado 2 de abril das 9:00 h. ás 10:30 h.

A organización achegará únicamente ó/á expositor/a un stand de 3 x 2 metros rotulado.

Ademais o/a expositor/a será responsable dos danos ocasionados aos *stands* facilitados pola Organización.

A Organización porá servizo de vixilancia e seguridade no recinto da Feira durante a duración deste e non se fará responsable de ningún dano, desaparición ou roubo no material exposto, sendo de total responsabilidade do/a expositor/a os danos sufridos.

## **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN:**

Para facer a solicitude de participación na Expofeira, o/a expositor/a interesado/a, terá que cubrir a Ficha de Solicitude de Participación (dispoñible a continuación) e deberá enviala ao enderezo electrónico [ana.calvino@valdodubra.dicoruna.es](mailto:ana.calvino@valdodubra.dicoruna.es) ou ao número de fax: 981889100.

O prazo para presentar a solicitude de participación na Feira remata o martes 8 de Marzo de 2011, tendo que facerse cargo o/a expositor/a DA TOTALIDADE do mobiliario que vaia precisar.

Os/a expositores/as poderán consultar se están seleccionados/as contactando coa organización a partir do xoves 10 de marzo de 2011, a través do número de teléfono 981 889000.

## **OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE:**

A organización convida aos/ás expositores/as, ademais de poñer un *stand*, a ofrecer algún tipo de actividade ao público asistente, como degustacións, obradoiros, charlas, etc.

As ditas propostas complementarias contribuirán tanto ao bo desenvolvemento da actividade, como á promoción da entidade que as ofrece.

Esta circunstancia será tida moi en conta, por parte da organización, no proceso de selección dos/as expositores/as.

No caso de que as entidades estean interesadas en ofrecer algunha actividade, éstas deberán informar á organización da Expofeira no momento de confirmar a súa participación, así como indicar as necesidades técnicas que poida precisar para levalas a cabo, (potencia de corrente, son, ambiente).

## **CONTACTO :**

Persoas de contacto: Ana Calviño/ Carlos Nieto

Teléf.: 981 889000

Web: [www.valdodubra.es](http://www.valdodubra.es)